



Informe de
ACCIÓN DE COORDINACIÓN
DO CENTRO
Curso 2019-2020

Titulacións do Centro

Graos

Educación Infantil
Educación Primaria
Educación Social
Traballo Social

Máster

Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos
Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos
Profesorado en ESO, Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas

*Validación pola
Comisión de Garantía
Interna de Calidade,
en Ourense, a día 11
de decembro de 2020*



Centro certificado
FIDES-AUDIT



**Informe de Accions
de Coordinación
do
CENTRO**

Curso 2019-2020

Documento Validado pola Comisión de Garantía Interna de Calidade

Ourense, día 11 de decembro de 2020

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	4
I. INFORMACIÓN XERAL	4
II. RESPONSABLES DE COORDINACIÓN	6
III. ACCIÓNS DE COORDINACIÓN DOCENTE	8
3.1. COORDINACIÓN DE TÍTULOS DE GRAO	8
3.2. COORDINACIÓN EN TÍTULOS DE MESTRADO	21
3.2.1. MESTRADO DE INTERVENCIÓN MULTIDISCIPLINAR NA DIVERSIDADE EN CONTEXTOS EDUCATIVOS	21
3.2.1.1. COORDINACIÓN VERTICAL	22
3.2.1.2. COORDINACIÓN ENTRE DOCENTES CON RESPONSABILIDADES XERAIS DE COORDINACIÓN	24
3.2.1.3. COORDINACIÓN ENTRE COORDINADORES DE MATERIA E RESPONSABLES XERAIS DA COORDINACIÓN	25
3.2.1.4. COORDINACIÓN ENTRE O PROFESORADO DUNHA MESMA MATERIA	26
3.2.1.5. COORDINACIÓN ENTRE O PROFESORADO DAS MATERIAS DUN MESMO MÓDULO	27
3.2.2. MESTRADO DE DIFICULTADES DE APRENDIZAXE E PROCESOS COGNITIVOS	27
3.2.2.1. REUNIÓNS DA COORDINADORA DE TÍTULO COS COORDINADORES/AS DE MÓDULO, MATERIAS E DE TFM	27
3.2.2.2. REUNIÓNS DAS COORDINADORAS-ES DE MATERIA CO PROFESORADO	28
3.2.2.3. XUNTANZAS DERIVADAS DA APARICIÓN E EVOLUCIÓN DO CORONAVIRUS COVID-19	29
3.2.2.4. REUNIÓNS DA COORDINADORA DE TÍTULO COA COMISIÓN ACADÉMICA E CO PROFESORADO	30
3.2.2.5. OUTRAS ACCIÓNS DE COORDINACIÓN DESENVOLVIDAS	30
3.2.3. MESTRADO DO PROFESORADO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA, BACHARELATO, FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINANZA DE IDIOMAS	31
3.2.3.1. ACCIÓNS DE COORDINACIÓN VERTICAL	32
3.2.3.2. COORDINACIÓN HORIZONTAL	34
3.2.3.3. OUTRAS ACCIÓNS DE COORDINACIÓN NO TFM E PRÁCTICAS EXTERNAS	36
IV. CONCLUSIÓN	37

INTRODUCCIÓN

As dinámicas das accións de coordinación da Facultade de Educación e Traballo Social manteñen a traxectoria trazada por este Centro. Isto é posible co sostemento das redes de apoio establecidas, a partir dunha estrutura que xa conta cunha boa estabilidade. A súa configuración está deseñada atendendo as necesidades substanciais que derivan da implementación dos respectivos títulos do centro, polo que foi posible o seu afianzamento.

Neste Informe toca dar conta, unha vez máis (7ª edición), do desenvolvemento das accións de coordinación levadas a cabo no curso 2019-2020. Durante este curso os labores de coordinación docente foron especialmente relevantes como consecuencia da situación de alarma sanitaria producida polo COVID e os necesarios reaxustes motivados polo paso da docencia presencial a docencia en remoto. Nos cadros nos que se recollen as diferentes accións inclúese un apartado específico no que se enumeran de forma detallada as " Accións de coordinación docente dende ou equipo decanal asociadas á situación de confinamento COVID"

De xeito xeral, neste documento expónse a información atendendo a cuestións de tivo máis xenérico ou común para posteriormente referirse de xeito específico, tanto as accións de coordinación implementadas nos títulos de grao, coma nos de Mestrado. Finalmente, apórtanse unhas conclusións globais e anexos.

I. INFORMACIÓN XERAL

Na táboa 1 expónse a relación de títulos ofertados pola da Facultade de Educación e Traballo Social. Cabe lembrar que no caso dos Graos foron implantados no curso académico 2009-2010 e no dos Mestrados no 2008-2009, segundo se detallará. Todos eles foron avaliados e acadaron o Informe favorable para a Renovación da Acreditación;

en concreto no ano 2017 re acreditáronse os Graos os no 2015 xa foran reacreditados os tres Mestrados cos que conta o Centro.

A vista do exposto, cabe inferir que a Facultade de Educación e Traballo Social amosa unhas condicións axeitadas para continuar coa implementación dos sete títulos que ven ofertando. Ademais, en xeral a demanda de alumnado nos respectivos títulos e bastante elevada; en particular nas titulacións reguladas que habilitan para o exercicio da docencia, como son os de Maxisterio (en Educación Infantil e en Educación Primaria) e o do Mestrado de Profesorado de Secundaria.

Táboa 1. Títulos de Grao e Mestrado do Centro

Denominación título/s	<p>Graos</p> <p>EDUCACIÓN INFANTIL EDUCACIÓN PRIMARIA EDUCACIÓN SOCIAL TRABALLO SOCIAL</p> <p>Mestrados</p> <p>-INTERVENCIÓN MULTIDISCIPLINAR NA DIVERSIDADE EN CONTEXTOS EDUCATIVOS. -DIFICULTADES DE APRENDIZAXE E PROCESOS COGNITIVOS. -PROFESORADO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA, BACHARELATO, FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINANZA DE IDIOMAS.</p>
Centro(s) onde se imparte o título/s	Facultade de Ciencias da Educación de Ourense

Curso de implantación	<p>Graos: curso 2009-2010</p> <p>EDUCACIÓN INFANTIL EDUCACIÓN PRIMARIA EDUCACIÓN SOCIAL TRABALLO SOCIAL</p> <p>Mestrados: 2008-2009; e 2009-2010</p> <p>-INTERVENCIÓN MULTIDISCIPLINAR NA DIVERSIDADE EN CONTEXTOS EDUCATIVOS: Curso 2008-2009. -DIFICULTADES DE APRENDIZAXE E PROCESOS COGNITIVOS: Curso 2009-2010. -PROFESORADO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA, BACHARELATO, FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSEÑANZA DE IDIOMAS: Curso 2009-2010.</p>
------------------------------	------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

II. RESPONSABLES DE COORDINACIÓN

Atendendo ao trazado inicial que xa ten configurado o Centro, para as diversas tarefas de coordinación docente, cabe sinalar un eixos vertical e outro horizontal (Táboa 2). O que permite prestar a atención oportuna a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe. Con lóxica, o papel de dinamización esencial recae no equipo decanal da Facultade de Educación e Traballo Social, a coordinación de calidade e as coordinacións dos respectivos títulos. Con todo, tamén as outras tipoloxías de coordinación que están establecidas desempeñan funcións esenciais, que veñen a ampliar ou complementar as anteriormente referidas.

Táboa 2. Persoal responsable da coordinación académica (curso 2019-20)

Coordinación Calidade		<p>Coordinadora Calidade Centro: Ricoy Lorenzo, M^a Carmen</p> <p>Persoal de apoio a calidade: Lameiras Fernández, María (Apoio Calidade E. Social) Mociño González M^a Isabel (Apoio Calidade E. Infantil) Vidal López, Manuel (Apoio Calidade E. Primaria) Aguar Fernández, Francisco Javier (Apoio Calidade T. Social) Iglesias Álvarez, Ana María (Apoio Calidade Mestrados)</p>	
Coordinación de título/s	Título de Grao	Grao de Educación Infantil	Mociño González, María Isabel
		Grao de Educación Primaria	Vidal López, Manuel

		Grao de Educación Social	Failde Garrido, José M ^a
		Grao de Traballo Social	Aguiar Fernández, Francisco J.
	Título de Mestrado	Mestrado en dificultades de aprendizaxe e procesos cognitivos.	García Señorán, Mar
		Mestrado en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos.	Díaz Pereira, M. del Pino
Mestrado en profesorado de educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional e ensinanza de idiomas.		Garrido González, Josefina (coord. Xeral) Ricoy Lorenzo, M. Carmen (coord. Campus Ourense)	
Título de Grao Outras coordinacións	Equipo coordinador de curso	Coordinación cursos: Educación Infantil Mociño González, María Isabel: 1º Ed. Infantil García Núñez, Javier: 2º Ed. Infantil Tellado González, Fernando: 3º Ed. Infantil Díaz Pereira, María del Pino: 4º Ed. Infantil	
		Coordinación cursos: Educación Primaria Mayobre Rodríguez, Purificación: 1º Ed. Primaria Conde Rodríguez, Ángeles: 2º Ed. Primaria McNicholls, Stuart: 3º Ed. Primaria McNicholls, Stuart: 4º Ed. Primaria	
		Coordinación cursos: Educación Social Carrera Fernández, María Victoria: 1º Ed. Social Cid Fernández, Xosé Manuel: 2º Ed. Social Failde Garrido, José María: 3º Ed. Social Dapía Conde, María D.: 4º Ed. Social	
		Coordinación cursos: Traballo Social López Viso, Mónica: 1º Traballo Social Méndez Fernández, Ana Belén: 2º Traballo Social López Viso, Mónica: 3º Traballo Social González Rodríguez Rubén: 4º Traballo Social	
	Equipo coord. de prácticas externas curriculares	Fernández Méndez, José L. (E. Infantil) Raposo Rivas, Manuela (E. Primaria) Cid Fernández, Xosé M. (E. Social) González Rodríguez, Rubén (Trab. Social)	
Equipo coord. do TFG	Díaz Pereira, María del Pino (E. Infantil) McNicholls, Stuart (E. Primaria) González Fernández, Antonio (E. Social) González Rodríguez Rubén (Trab. Social)		
Coordinación: Mobilidade	Coordinación mobilidade de estudantes Cid Fernández, Xosé Manuel (Coordinador) Méndez Fernández, Ana Belén / McNicholls, Stuart / Fernández Carballo-Carlero, M ^a Victoria/ Rodríguez Castro, Yolanda/ Figueroa Revilla, Beatriz (Apoio á mobilidade)		

Coordinación do PAT	Coordinación PAT Iglesias Álvarez, Ana M ^a	
Título de Mestrado Outras coordinacións	Mestrado en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos	- Coord. Práct. Curriculares: Dapía Conde, M ^a Dolores. - Coord. institución externas: Failde Garrido, José M ^a
	Mestrado en Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos	- Coordinación Módulo I: Tellado González, Fernando - Coordinación Módulo II: Conde Rodríguez, Ángeles - Coordinación Módulo III: Raposo Rivas, Manuela - Coordinación TFM: Deaño Deaño, Manuel
	Mestrado en Profesorado de ESO, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas	Coordinadores-a de Itinerario: <ul style="list-style-type: none"> ♦ Humanidades: Vaquero García, Alberto ♦ Tecnoloxía e Informática: Membiela, Pedro ♦ Xeografía e Historia: Prada Rodríguez, Julio ♦ Orientación Educativa: Ricoy Lorenzo, M. Carmen

III. ACCIÓNS DE COORDINACIÓN DOCENTE¹

Neste apartado expóñense as principais accións de coordinación sostidas no curso académico 2019-20. Asimesmo preséntase unha reflexión e análise ao redor do seu desenvolvemento, tanto nos títulos de Grao como de Mestrado, co obxecto de poder continuar mellorando no futuro.

3.1. Coordinación de Títulos de Grao

Atendendo aos diversos Graos (Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Social, Traballo Social), que oferta a Facultade de Educación e Traballo Social de

¹ O Centro conta con rexistros de evidencias sobre as accións de coordinación, que atendendo ás características das mesmas se depositan en formato papel ou dixital, nas dependencias do Equipo Decanal e nos despachos do respectivo profesorado. Así mesmo, os rexistros en soporte dixital normalmente están en repositorios fundamentalmente da plataforma Fatic, plataforma do SGIC e outros espazos (Dropbox e similar) que o equipo decanal e o profesorado emprega na nube.

Ourense (Figura 1 e 2), preséntase neste subepígrafe unha síntese das accións de coordinación docente desenvoltas (Táboa 3).



Figura 1. O Edificio de Ferro alberga as aulas onde se imparten os títulos do Centro



Figura 1. Aula tipo da Facultade de Educación e Traballo Social

Táboa 3. Principais accións de coordinación docente desenvoltas no Centro nos títulos de Grao

Facultade de Educación e Traballo Social. Curso académico 2019-2020				
RESPONSABLES DE COORDINACIÓN	RAZÓNS DE PARTIDA	PERSOAL IMPLICADO	CUESTIÓNS ABORDADAS E DINÁMICAS DESENVOLTAS	DATA
EQUIPO DECANAL	O equipo decanal promove, coordina e dinamiza o conxunto de accións de coordinación docente do Centro, co obxecto de continuar mellorando curso tras curso. No obstante, para elo é necesaria a implicación dos respectivos colectivos.	Decana Vicedecanos-as Secretario académico	<p>Dende o equipo decanal con carácter xeral e específico leváronse a cabo a reflexións, análises e toma de decisións, tanto con actuacións de tipo xeral coma particular. Neste sentido cabe resaltar que a incorporación de pequenos cambios nas persoas responsables de coordinación docente. Respecto aos aspectos que son propios de someter a debate en órganos colexiados seguiuuse o adecuado procedemento. Neste sentido, é de sinalar que nos principais órganos onde se tiveren que tomar decisións relativas aos problemas sobre coordinación do Centro participan tódolos membros do equipo decanal: Comisión de Calidade, Xunta de Centro e Comisión Permanente. Noutros órganos colexiados da Facultade (comisións diversas) están presididos pola decana e tamén contan co secretario do Centro.</p> <p>Principalmente, nas reunións semanais levadas a cabo polo equipo decanal e onde se puxeron en común os problemas xurdidos e intercambiaron novas ideas co obxecto de continuar mellorando a coordinación docente. Posteriormente, cando polas súas características se considerou necesario se derivou ao responsable de coordinación específico ou foron sometidas nos órganos colexiados correspondentes a debate e toma de decisión.</p> <p>En xeral o equipo decanal, atendendo as necesidades do Centro ou petición dalgún colectivo definiu a convocatoria das reunións, en particular da Comisión Permanente e da Xunta de Centro.</p>	<p>Reunións periódicas durante todo o curso, celebradas semanalmente na sala de traballo do equipo decanal.</p> <p>De xeito intermitente ao longo do curso.</p>
	Fundamentalmente para a organización da estrutura de apoio á docencia e ás cuestións asociadas á posta en marcha do curso, así como a dos respectivos cuatrimestres.	Decanato Coordinación de Titulacións Coordinadora de Calidade do Centro	<p>Entre outras accións levadas a cabo no curso 2019-20 cabe destacar a:</p> <p>Revisión das directrices comúns para discusión e traslado á coordinacións de curso e profesorado coordinador de materia.</p> <p>Acordouse o cronograma coas accións a levar a cabo e as respectivas datas para o proceso de revisión/confección de Guías Docentes e presentación de TFG.</p>	Maio-Xullo de 2019

Facultade de Educación e Traballo Social. Curso académico 2019-2020				
RESPONSABLES DE COORDINACIÓN	RAZÓNS DE PARTIDA	PERSONAL IMPLICADO	CUESTIÓNS ABORDADAS E DINÁMICAS DESENVOLTAS	DATA
	Accións de coordinación docente dende o equipo decanal asociadas a la situación de confinamiento COVID	Decana Vicedecanos-as Secretario académico Coordinación das Titulacións Decanato Coordinación de Titulacións Responsable de calidade do Centro	<p>Como consecuencia da evolución dos acontecementos derivados da aparición e evolución do coronavirus COVID-19 e unha vez recibidas as directrices do Equipo de Goberno da Universidade, o Equipo Decanal –froitro das análises e reflexións- acordou o seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Trasladar ao PDI e alumnado, mediante correo electrónico ou xuntanzas, a información sobre as orientacións, medidas adoptadas e protocolos de actuación nas instalacións da Universidade. - Solicitarlle ao profesorado, no peche do mes de marzo, a reorganización da actividade docente, a utilización da plataforma de teledocencia FAITIC, o deseño de tarefas ou actividades que substitúan, na medida do posible as actividades presenciais previstas para esas semanas e a titorización a distancia e feedback ao estudantado sobre os traballos realizados. -Presentación da ferramenta virtual “campus remoto” desenvolta pola universidade, en coordinación coas equipas decanais, para a docencia virtual e establecemento dun procedemento para a utilización das salas virtuais coa finalidade de impartir clases síncronas. Apoio para o seu uso, a todas/os as/os docentes que o desexen e precisen. -Coordinación das liñas de actuación na situación de estado de alarma co fin de garantir a continuidade da actividade académica e o cumprimento os obxectivos docentes no presente curso académico: docencia virtual, adaptación dos horarios nos casos necesarios, adaptación das guías docentes á situación de non presencialidade (adaptación da programación docente prevista ás metodoloxías non presenciais, así coma as actividades e probas de avaliación), titorización por medios telemáticos (solución de dúbidas, corrección de tarefas, etc.). -Elaboración de procedementos para o seguimento e mellora da actividade docente (seguimento do curso a través do alumnado; enquisas alumnado para avaliar a implantación da teledocencia e dificultades de acceso aos recursos planificados polo profesorado; xuntanzas virtuais entre a coordinación das Titulacións e os membros da Equipa Decanal; contacto telefónico permanente e por e-mail co profesorado para estimular o seguimento da teledocencia desde o inicio do estado de alarma). 	<p>13/03/2020 ata xullo de 2020</p> <p>30/03/2020 ata xullo de 2020</p> <p>14/03/2020 ata o 15/05/2020</p>

Facultade de Educación e Traballo Social. Curso académico 2019-2020				
RESPONSABLES DE COORDINACIÓN	RAZÓNS DE PARTIDA	PERSOAL IMPLICADO	CUESTIÓNS ABORDADAS E DINÁMICAS DESENVOLTAS	DATA
		<p>Equipa Decanal</p> <p>Coordinacións de Practicum e TFG</p> <p>Profesorado</p>	<p>Reunións telemáticas co profesorado para coordinar a actividade docente e estimular o uso das aulas virtuais. Elaboración de tutoriais e organización de cursos on-line para mellorar as súas competencias de uso das aulas virtuais e a realización de exames non presenciais. Discusión e aclaración de dúbidas sobre as recomendacións de actuación ante os imprevistos na realización de exames non presenciais recollidas no plan de continxencia para as probas de avaliación.</p> <p>Xuntanzas virtuais e por e-mail coa coordinación de prácticum, TFG e titoras/es do practicum e TFG coa finalidade de:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Orientar e asesorar sobre como responder a diferente casuística que ten o alumnado. -Adaptación das prácticas: desenvolvemento por medios non presenciais ou por actividades equivalentes non presenciais. -Reorganizar o período formativo do practicum. -Flexibilizar os requisitos para defender o TFG. <p>Xuntanzas presenciais/telemáticas cos membros da comunidade educativa do Centro para tratar a organización docente do curso 2020/2021 (guías docentes, proposta para o desenvolvemento contextualizado da docencia, recursos necesarios).</p>	<p>Abril/maio/xuño/2020</p> <p>Xuño/xullo/2020</p>

Facultade de Educación e Traballo Social. Curso académico 2019-2020				
RESPONSABLES DE COORDINACIÓN	RAZÓNS DE PARTIDA	PERSOAL IMPLICADO	CUESTIÓNS ABORDADAS E DINÁMICAS DESENVOLTAS	DATA
<p>COORDINADORA DE CALIDADE: Coordinadora de Calidade do Centro</p>	<p>A coordinadora de calidade dinamiza a Comisión de Calidade para promover e recoller información dos diferentes colectivos do Centro (alumnado, profesorado, PAS...) para reflexionar, revisar os documentos relativos a calidade, situacións e accións que se require desenvolver no día a día do Centro ou que se precisa resolver coa finalidade de continuar mellorando os procesos de coordinación docente da Facultade; e para atender e impulsar novas iniciativas.</p>	<p>Tódolos membros da Comisión de Calidade</p>	<p>Reunión da CGIC: 13/12/2019 (reunión ordinaria)</p> <ul style="list-style-type: none"> - Validación do Informe das Accións de Coordinación docente do Centro do curso 2018-19. - Validación do informe de resultados derivados da valoración/opinión do alumnado sobre as materias do Mestrado en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos do curso académico 2018-19 e proposta de mellora. - Validación do Informe do PAT do Centro do curso 2018-19. - Validación sobre a avaliación dos curso incluídos no Plan de Formación Continua do PDI do curso 2018-2019. - Validación do cronograma de asignación de títulos/as e accións relativas a titorización, dentro do marco do PAT do curso 2019-20, nos títulos do Centro. - Análise e validación das accións formativas e/ou do Plan de Formación Continua do PDI para o curso 2019-2020. - Validación, do Procedemento de Calidade "IA01- Xestión dos recursos materiais e dos servizos", que substituirá aos actuais procedementos "PA07 Xestión dos recursos materiais" e "PA08 Xestión dos servizos". - Valoración do procedemento de rexistro da docencia en formato electrónico. <p>Reunión da CGIC: 28/05/2020 (reunión ordinaria)</p> <ul style="list-style-type: none"> - Validación dos cambios no calendario e organización académica polo estado de alarma causado pola crise da COVID-19 (curso 2019-20), seguindo á Instrución do 6 de abril de 2020 da Secretaría Xeral de Universidades (Xunta de Galicia) - Actualización e validación do Plan Operativo de Información Pública do Centro. - Seguimento, valoración e modificación do Plan de Promoción do Centro. <p>Reunión da CGIC: 09/07/2020 (reunión ordinaria)</p> <ul style="list-style-type: none"> - Validación da guías docentes dos títulos de Grao desta Facultade e dos Mestrado en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos e do Mestrado en Dificultades da aprendizaxe e procesos cognitivos, para o vindeiro curso 2020-2021. - Seguimento do PAESU e validación do Informe de resultados relativo á satisfacción do alumnado nas materias do Mestrado en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos. - Validación da previsión sobre as necesidades de recursos e servizos do Centro no ano 2020. <p>Reunión da CGIC: 29/07/2020 (reunión ordinaria)</p> <ul style="list-style-type: none"> - Validación da guías docentes do Mestrado en Profesorado de ESO, Bacharelato, FO e Ensino de Idiomas para o vindeiro curso 2020-2021. - Reflexión, debate e validación do Informe de Revisión pola Dirección do Centro (curso académico 2018-2019). 	<p>As datas de celebración das reunións da CGIC do curso 2019-20 nas que se abordaron aspectos que esixían especialmente de coordinación docente foron as seguintes:</p> <p>13/12/2019</p> <p>28/05/2020</p> <p>09/07/2020</p> <p>29/07/2020</p>

Facultade de Educación e Traballo Social. Curso académico 2019-2020				
RESPONSABLES DE COORDINACIÓN	RAZÓNS DE PARTIDA	PERSOAL IMPLICADO	CUESTIÓNS ABORDADAS E DINÁMICAS DESENVOLTAS	DATA
COORDINACIÓN INTERCENTROS: Decanas-os/ responsables dos 3 centros	O Centro conta con dous títulos (E. Infantil e Primaria) comúns a tres centros, polo que é necesario manter un contacto regular e chegar a acordos.	Coordinación de Calidade dos tres Centros. Coordinación de Infantil e Primaria dos tres Centros.	Mellorar a coordinación intercentros a través de: - Intercambios e debates entre os responsables dos equipos decanais, cordinación de calidade e coordinación de títulos a través da posta en común e reflexión sobre aqueles aspectos máis complexos e de interese para tódolos Centros. -Renovación de compromisos e da identificación conxunta de alternativas para mellorar as accións e vías de comunicación entre o profesorado dos tres campus que imparten as mesmas materias.	Intermitente curso 2019-2020 Xuño 2019
		Coordinación de Infantil e Primaria de Ourense, Pontevedra e Vigo Coordinación de Calidade	A través de contactos mediante correo, skype, telefónicos e reunións presenciais: - Mantivéronse contactos regulares e intercambio de información para realizar o Informe sobre o seguimento de títulos e dos planos de mellora. - Debatéronse as accións de mellora que afectan aos títulos compartidos, en particular centradas na coordinación da materia do Prácticum e TFG	De xeito intermitente ao longo do curso 2019-2020
COORDINACIÓN DE GRAOS	Continuar mellorando as vías de comunicación entre a Coordinación do título, Coordinación de curso e entre o profesorado das materias.	Coordinación de Título. Coordinación de Calidade, Coordinación de Título e Coordinación de Curso.	- Preparación das Xornadas de Acolida para o alumnado de novo ingreso e accións de dinamización e socialización para o alumnado. - Distribución e elaboración das listaxes de alumnado nos grupos medios/pequenos das distintas materias do primeiro e segundo cuatrimestre. O criterio a seguir é acadar a maior equidade numérica dos grupos establecidos e a adecuación aos espazos e recursos. Comunicado da Decana da Instrución da Vicerreitoría de ordenación académica e profesorado 2/2020, do 30 de marzo de 2020, no que solicita a cada docente información sobre a modalidade de docencia (síncrona/asíncrona); detección de problemas de conectividade do alumnado e calquera modificación das guías docentes.	1ª semana de setembro 2019 30/03/2020 e 03/04/2020

Facultade de Educación e Traballo Social. Curso académico 2019-2020				
RESPONSABLES DE COORDINACIÓN	RAZÓNS DE PARTIDA	PERSONAL IMPLICADO	CUESTIÓNS ABORDADAS E DINÁMICAS DESENVOLTAS	DATA
		<p>Coordinación de Calidade e Coordinación de Título.</p> <p>Coordinación do Título e Coordinación da Materia.</p> <p>Coordinación do Título e Coordinación da Materia.</p> <p>Coordinación de Calidade, Coordinación de Título e Coordinación da Materia.</p> <p>Coordinación de Calidade, Coordinación de Título e Coordinación de Curso.</p>	<p>Comunicados e reunións virtuais do equipo decanal e coordinación de títulos para definir o procedemento da planificación e toma de decisións.</p> <p>Solicitude da decana e da coordinación de títulos á coordinación materia, vía email, da realización dos cambios para a docencia non presencial, seguindo os requisitos mínimos establecidos pola Instrucións do 06/04/2020 da Secretaría Xeral de Universidades para asegurar a calidade da docencia non presencial nas universidades do Sistema universitario de Galicia, despois de realizar unha enquisa entre o alumnado para coñecer a súa situación en canto a carga de traballo e accesibilidade aos servizos en liña.</p> <p>Comunicado da coordinación de materia á coordinación de título e ao alumnado a través da aula virtual, email, etc dos cambios na docencia non presencial, seguindo os requisitos mínimos establecidos pola Instrucións do 06/04/2020 da Secretaría Xeral de Universidades para asegurar a calidade da docencia non presencial nas universidades do Sistema universitario de Galicia.</p> <p>Revisión, pola coordinación de curso/título, das fichas sobre a modificación das Guías Docentes, en particular na adaptación do sistema de avaliación, e o seu traslado sistematizado, por curso e cuadrimestre, á responsable de calidade do Centro.</p> <p>Revisión e aprobación das modificación das Guías Docentes e do plan de continxencias derivado da pandemia para a avaliación do segundo cuadrimestre do curso 2019-2020 en Xunta de Centro.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Actualización de criterios, procedementos e calendario para a revisión das guías docentes do curso 2020-2021 (18 de xuño ao 4 de xullo de 2020). -Seguiuse incidindo na necesidade de que as guías respondan estritamente aos criterios da Memoria verificada. - Estableceuse a necesidade de que todas as guías docentes inclúan un plan de continxencias para adecuación á situación derivada da pandemia. - Actualizouse o procedemento para facilitar a orientación do profesorado na revisión das guías docentes en DOCNET, con especial atención ao plan de continxencias ante a pandemia da Covid-19. - Acordouse a planificación de horarios e calendario de exames do curso 2020-2021. - Adecuación dos horarios da docencia dos títulos á nova situación de modalidade virtual para os grupos A (grupo completo) e modalidade presencial para os grupos B e C (medios e pequenos) 	<p>06, 13 e 15/04/2020</p> <p>07/04/2020</p> <p>Do 07 ao 14/04/2020</p> <p>Do 24 ao 29/04/2020</p> <p>05/05/2020</p> <p>Xuño-Xullo 2020</p>

Facultade de Educación e Traballo Social. Curso académico 2019-2020				
RESPONSABLES DE COORDINACIÓN	RAZÓNS DE PARTIDA	PERSOAL IMPLICADO	CUESTIÓNS ABORDADAS E DINÁMICAS DESENVOLTAS	DATA
			<ul style="list-style-type: none"> - Coordinación, supervisión e organización da tradución de materiais docentes para a galeguización dos graos de Educación Infantil e Primaria - Análise do proceso de revisión e actualización das guías docentes do curso 2020-2021 previa aprobación pola CGIC e a Xunta de Centro. 	
COORDINADORES DE CURSO e PROFESORADO DOS RESPECTIVOS CURSOS	Cabe destacar a importancia de acadar unha axeitada organización entre o profesorado e unha boa articulación dos contidos que imparte desde as respectivas materias, así coma a distribución gradual e racional da carga de traballo nos respectivos cuadrimestres.	Coordinación de curso. Profesorado coordinador de materia e demais profesorado.	<ul style="list-style-type: none"> - Mantense a insistencia de establecer un cronograma para cada materia coas sesións e datas de entrega de traballos e /ou actividades de avaliación continua que favoreza a planificación de traballos e tarefas derivadas da actividade docente. Este cronograma debe estar publicado en faitic. - Acordo de continuar coa implantación da docencia nos graos de Educación Infantil e Primaria en lingua galega nas materias sen lingua específica para fomentar unha maior competencia do alumnado nesta lingua (continuidade das materias de primeiro curso e incorporación de materias do segundo curso) - Para fomentar o coñecemento de novas metodoloxías e ferramentas e a coordinación entre docentes leváronse a cabo accións formativas como: <ol style="list-style-type: none"> a) Curso de “Lingua galega para a galeguización dos graos de Educación Infantil e Primaria”. b) Curso “Realización de exames non presenciais a través da plataforma Moodle de faitic”. c) Curso “Ferramentas para o traballo colaborativo en liña. Edición 2020” . 	Principios de setembro de 2019 para o 1º cuadrimestre; xaneiro 2020 para 2º cuadrimestre
COORDINACIÓN DE TFG	O TFG esixe de constantes axustes na busca dun modelo eficaz de xestión administrativa e práctica académica. O que esixe unha boa coordinación docente, que permita consensuar distintos aspectos.	Equipo Decanal Coordinadores de TFG Coordinación de Calidade Coordinación de títulos Titores/as TFG	<ul style="list-style-type: none"> - A través do correo electrónico facilitouse información sobre os cambios do procedemento na secretaría virtual para a solicitude e defensa do TFG. Asemade, fixéronse recordatorios a todo o PDI sobre a nova normativa, aprobada no final do curso 2018/2019. - Acordouse nunha reunión da Comisión Permanente o cronograma das diferentes fases de solicitude e avaliación para as distintas convocatorias do TFG. - Celebráronse reunións para a revisión “excepcional” da normativa de TFG do centro e a adaptación da guía docente da materia ás novas normativas e procedementos (derivados da Covid) aprobados pola Universidade de Vigo. - Na liña do punto anterior, modificouse o calendario de solicitude e defensa do TFG por mor das circunstancias sanitarias, engadindo unha nova convocatoria denominada “Extraordinaria Covid” que se realizou no mes de setembro de 2020. Decidiuse que o procedemento de defensa dos TFG fose virtual a través do Campus remoto da Universidade de Vigo. As ditas modificacións foron aprobadas pola Xunta de Centro do 05.05.2020. 	1º e 2º cuadrimestre do curso 2019-20 Abril - Maio 2020 Xuño – Xullo 2020

Facultade de Educación e Traballo Social. Curso académico 2019-2020				
RESPONSABLES DE COORDINACIÓN	RAZÓNS DE PARTIDA	PERSONAL IMPLICADO	CUESTIÓNS ABORDADAS E DINÁMICAS DESENVOLTAS	DATA
			- Desenvolvéronse diversas reunións para analizar as diferentes experiencias na implantación do Tribunal Unipersoal como modalidade de avaliación do TFG no curso 2019/2020.	
		Coordinación e titores/as de TFG	- A coordinación de TFG, a través do correo electrónico, consensou co profesorado o inicio do proceso para a titorización do TFG no curso 2019-20, así como a apertura de prazo para comunicar o nº de prazas ofertadas e as liñas de investigación para a titorización. - Desenvolveuse unha reunión para decidir a asignación máxima de TFG por titor-a. - A través do correo electrónico comunicóuselle ao profesorado titor de TFG a existencia dun período para a revisión/apertura de incorporación das liñas de investigación. -Previamente a cada convocatoria, reuníronse os coordinadores dos catro títulos para consensuar as indicacións que se trasladan a alumnado e profesorado a través do Faitic. Ao respecto dos titores/as, contactouse previamente con eles/as para a asignación dos horarios de defensa. Así mesmo, remitíuselles por correo electrónico o calendario e horarios definitivos, así como os formularios que deben cubrir, lembrándolles o procedemento e a normativa aplicable.	Setembro 2019 Outubro 2019 Setembro 2019 a Xullo 2020
COORDINACIÓN PRÁCTICUM	A longa traxectoria académica do Prácticum nos Graos desta Facultade favorece a existencia de accións de coordinación que levan anos funcionando de xeito regular. Se ben, este curso académico prestouse unha atención especial a esta materia. Por unha parte para realizar unha diagnose e propostas de mellora, despois para a posta en común de	Coordinación de Título, de Prácticum e os/as titores/as académicos/as desta materia.	En diferentes xuntanzas debateuse e tomáronse algúns acordos e análise, no que cabe destacar o seguinte: - Reflexión e diagnose sobre a necesidade de melloras no Prácticum dende a perspectiva dos titores/as da Facultade e os titores/as externos. - Debate entre o profesorado que titoriza o Prácticum para a posta en común de diferentes aspectos que posibiliten a mellora das: Funcións do alumnado durante o período de prácticas; Formación específica para titores/as e percepción que dende os centros teñen da formación que o alumnado recibía na Facultade. - Reflexionouse sobre a información que se lle fai chegar aos titores/as: normativa, modelo de ficha de avaliación, modelo de memoria de prácticas, acceso a información por parte do alumnado etc.; - Posibilitar en casos excepcionais a prolongación do período de prácticas para persoas. -Favorecer que o alumnado poida ter máis dun titor/a no centro para facer prácticas diversificadas que	De setembro de 2019 a xullo de 2020

Facultade de Educación e Traballo Social. Curso académico 2019-2020				
RESPONSABLES DE COORDINACIÓN	RAZÓNS DE PARTIDA	PERSOAL IMPLICADO	CUESTIÓNS ABORDADAS E DINÁMICAS DESENVOLTAS	DATA
	<p>incidentes críticos, estratexias e recursos e por último para valorar cómo está a resultar as orientacións e o documento base para un modelo de memoria que sirva de guía a todos os docentes e alumnado implicados.</p> <p>Ademais, debemos ter en conta que a situación de pandemia e confinamento derivado do COVID-19 mediatizou algúns procesos.</p>		<p>posibiliten entrar en contacto coa realidade socioeducativa e laboral.</p> <ul style="list-style-type: none"> -Avaliar de modo coordinado entre o persoal titor. -Revisión da normativa do centro que regula as prácticas externas. - Traballouse na actualización e elaboráronse novos materias para a xestión das prácticas externas. - No caso dos títulos de Maxisterio continuouse coa revisión e actualización da documentación de prácticum; asignación de titores/as e organización dos seminarios presenciais do curso 19-20; continuouse traballando na mellora da coordinación entre titoras/es académicos e de centro a través dun “Seminario formativo. A mellora da titorización do proxecto formativo de prácticum nos graos de Educación Infantil e Primaria” (19/09/2019) para abordar aspectos organizativos (procedemento de elección de centro, prácticas en contextos educativos diversos, calendario) e formativos (funcións e obrigas, contidos e tarefas e avaliación e seguimento) do Prácticum, abordados en “Observar e avaliar no Prácticum dos graos de Educación Infantil e Primaria” (do 14 de xaneiro ao 12 de xuño de 2020). Acordouse a asignación de matriculas de honra, revisión da rúbrica de avaliación, procedementos e documentación a xestionar (15/05/20); incidiuse no seguimento e mellora da coordinación entre titores. Empregáronse formularios para favorecer os trámites e continuouse mellorando a accesibilidade a toda a documentación da materia a través da plataforma moodle. 	
COORDINACIÓN ENTRE PROFESORADO QUE COMPARTE MATERIAS	A coordinación entre o profesorado que comparte unha materia é un factor determinante da calidade docente. O centro na súa web facilita aos docentes formularios/impresos para a sistematización e rexistro destas accións.	Decanato, Coordinación Calidade e Profesorado que comparte unha materia	<p>Como en anteriores cursos, desde o Decanato e a Coordinación de Calidade insistíuse periodicamente na importancia de fortalecer a coordinación entre o profesorado das materias e a sistematización de evidencias, para mellorar o implantado en cursos anteriores:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Análise conxunta das directrices xerais establecidas na Ficha de Materia recollida na memoria Verifica. - Definición operativa de competencias, resultados de aprendizaxe e contidos a reflectir na Guía Docente para ser impartidos. - Distribución de competencias e contidos a traballar por cada un dos docentes da materia - Deseño, recollida ou adaptación de ferramentas de aprendizaxe e recursos para a avaliación desta - Concreción de actividades e traballos a desenvolver polo alumnado e datas de entrega. <p>En síntese, o profesorado que comparte materias realizou unha coordinación constante, reflexiona e comparte as súas inxerencias sobre o proceso de desenvolvemento da materia de forma continuada ao longo do cuadrimestre.</p>	Xuño (previa elaboración guías docentes). Setembro-xaneiro, previo ao inicio do cuadrimestre.
				Durante os respectivos cuadrimestres

Facultade de Educación e Traballo Social. Curso académico 2019-2020				
RESPONSABLES DE COORDINACIÓN	RAZÓNS DE PARTIDA	PERSOAL IMPLICADO	CUESTIÓNS ABORDADAS E DINÁMICAS DESENVOLTAS	DATA
COORDINACIÓN ENTRE RESPONSABLE DO PAT E TITORAS/ES	Coa finalidade de atender aos obxectivos do Plan de Acción Titorial (PAT) realizáronse unha serie de accións de coordinación entre o profesorado directamente implicado como titores/as do alumnado de 1º curso, os coordinadores/as dos Títulos, coordinadores/as de Prácticum e TFG e a coordinadora do PAT para planificar as diferentes accións de apoio requiridas polo alumnado do Centro (sesións de acollida, orientacións sobre mencións, TFG, Prácticum ou saídas profesionais etc.).	Coordinadora PAT e Titores/as	Para preparar a estrutura de apoio para o PAT solicitouse a través de correo electrónico a participación do profesorado para actuar como titores/as na atención e asesoramento dos grupos de 1º curso e elaborouse o cadro de docentes-titores por título.	Setembro 2019
		Coordinadora PAT e Titores/as	- Realizouse a asignación de titores/as a grupos de estudantes de 1º curso para cada un dos Graos. - Informouse aos titores/as da distribución realizada por correo electrónico e sobre a publicación da información nos espazos do PAT da plataforma FAITIC e na web do centro.	Setembro 2019
		Coordinadora PAT e Titores/as	-Actualizou a documentación correspondente ao PAT na plataforma FAITIC (orientacións, anexos...), e informouse aos titores/as do obxectivo da 1ª reunión cos grupos de estudantes de novo ingreso e da obriga de subir un extracto dos asuntos tratados a FAITIC. - Acordouse cos titores/as que de ser necesario informarían á coordinación do PAT, á coordinación do Título, docente ou responsable das incidencias para darlle resposta ou solución. - Enviouse desde a coordinación do PAT un recordatorio por correo electrónico aos titores/as de 1º curso para que organizaran e convocaran o seu alumnado para a 2ª reunión de grupo, solicitando que a realizasen de forma virtual nos seus respectivos despachos do campus remoto, dada a situación provocada pola pandemia. Isto foi o que motivou tamén que as reunións se celebrasen máis tarde do habitual. Recomendouse facer unha análise cos estudantes sobre a marcha do curso e a detección de posibles dificultades rexistradas durante o primeiro cuadrimestre, sobre todo en relación coas súas avaliacións á vista do cuadrimestre rematado. Ademais, aproveitouse esta reunión para recoller as dúbidas, cuestións e impresións sobre o funcionamento da docencia virtual.	Outubro 2019 e abril 2020
		Coordinadora PAT, Coordinadoras Títulos, Coordinadores TFG, Coordinadores Prácticum	A coordinación do PAT, xunto cos coordinadores dos distintos Títulos, coordinadores de Prácticum e coordinadores do TFG, acordaron manter a organización das reunións informativas de orientación ao alumnado sobre as temáticas de interese para cada curso. As realizadas antes do confinamento, tiveron lugar como era habitual en anteriores edicións: - As ofertas de materias optativas e mencións (p.e: alumnado de 2º curso dos Graos de Educación Infantil e Primaria). - Información sobre mobilidade estudantil (alumnado de 2º e 3º de todos os Graos). - Información sobre prácticas externas extracurriculares (alumnado interesado) - Información sobre o Prácticum (alumnado de todos os Graos nos cursos correspondentes) - Información sobre o TFG (alumnado de 3º e 4º curso de todos os Graos).	Abril-xuño 2020

Facultade de Educación e Traballo Social. Curso académico 2019-2020				
RESPONSABLES DE COORDINACIÓN	RAZÓNS DE PARTIDA	PERSOAL IMPLICADO	CUESTIÓNS ABORDADAS E DINÁMICAS DESENVOLTAS	DATA
			<p>Pero houbo algunha sesión que tivo que pasar a realizarse de forma virtual, como foi:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Información e debate sobre as saídas profesionais (alumnado de 4º curso de todos os Graos). 	
		<p>Coordinadora PAT e Titores/as</p>	<p>-Unha vez detectadas distintas problemática, do mesmo xeito que na 1ª convocatoria, decidiuse analizalas e tratalas con posterioridade nos órganos e servizos correspondentes da Facultade, xa que a súa resolución precisaba dunha reflexión ou axustes máis complexos ou polo menos que debían ser desenvolvidos a medio prazo.</p> <p>-Baixo o liderado da coordinadora do PAT sintetizouse e analizouse a información recollida nas distintas sesións do PAT para elaborar a memoria do curso. A coordinadora do PAT contou coa colaboración dos titores/as de grupos de 1º, os/as coordinadores/as de TFG, Prácticum, coordinadores/as de Título e do Equipo Decanal.</p>	<p>Xuño-xullo 2020</p>

3.2. Coordinación en Títulos de Mestrado

Atendendo ás características diferenciadas nos tres Mestrado do Centro cabe sinalar as dinámicas seguidas en cada título con respecto a este aspecto. No obstante en cada un deles se teñen en consideración diferentes accións desde un plano vertical e outro horizontal.

3.2.1. Mestrado de Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos

A coordinación docente do profesorado deste Mestrado é un compoñente clave e que polo tanto recibe unha atención especial, coa finalidade de mellorar constantemente a calidade do mesmo. Como se ven insistindo nos distintos cursos académicos, o feito de contar no Título cunha media de tres docentes por materia favorece a riqueza e diversidade académica, pero á vez presenta problemáticas que é necesario analizar.

O principal espazo de coordinación docente, que pon a disposición a Universidade de Vigo e a plataforma de teleformación FAITIC. Nela ofrécese un Espazo de Coordinación para o Profesorado do Mestrado Universitario en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos. Tal e como mencionamos noutros informes este espazo serve de depósito para a documentación e de vía de comunicación a través do cal compártense e coordínanse, entre outras:

- As accións de coordinación interna de cada materia. Entre outras, o/a coordinador/a de materia sobe a este espazo un documento no que se especifican os acordos referidos ás responsabilidades docentes de cada profesor, así como outra información interna relevante (distribución de sesión e contido para aportar información específica sobre as distintas materia, as datas para a entrega de actividades/traballos, vos criterios dous sistema de avaliación,..).
- Os/as coordinadores/as de materias obrigatorias, informan das actividades de módulo que se levarán a cabo.

- O emprego por parte do profesorado de imaxes corporativas para favorecer o uso dunha imaxe común e aumentar a percepción de unidade e coordinación interna.
- A información sobre accións de colleita
- Calquera outra información que poida resultar de interese (históricos, actas de calidade,..).

3.2.1.1. Coordinación vertical

Este Mestrado conta con diferentes responsables para a coordinación académica vertical, que están supeditados ao equipo Decanal, Xunta de Centro, a Comisión de Calidade do Centro no que está adscrito o Título, a Coordinación de Título, Responsable de Calidade do Mestrado, Coordinación de TFM e de Prácticas Externas, así coma a súa Comisión Académica. Esta Comisión Académica está composta por diferentes representantes como pode observarse na táboa seguinte.

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN ACADÉMICA	
REPRESENTACIÓN	MEMBRO
Presidenta (Coordinadora do Mestrado)	M ^a del Pino Díaz Pereira
Secretaria (Responsable de Calidade do Mestrado e da Comisión de Calidade do Centro)	M. Carmen Ricoy Lorenzo
Vogais:	MEMBRO
Coordinadora da materia de <i>Prácticas Externas</i>	María Dolores Dapía Conde
Coord. da materia de <i>Prácticas Externas</i>	José María Failde Garrido
Coord. da materia de <i>Calidade de vida para as persoas maiores</i>	Javier García Núñez

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN ACADÉMICA	
REPRESENTACIÓN	MEMBRO
Coord. da materia de <i>Medidas de atención á diversidade en persoas con altas capacidades</i>	Antonio González Fernández
Coord. da materia de <i>Inxustiza da desigualdade á riqueza da diferenza</i>	María Lameiras Fernández
Coord. da materia de <i>Interculturalismo en contextos escolares</i>	Isabel Mociño González
Coord. da materia de <i>Desenvolvemento Comunitario</i>	Celsa Perdiz Álvarez

Nas reunións periódicas, tanto presenciais coma dixitais, entre a coordinadora do título e a responsable de calidade abordáronse asuntos relativos a organización e toma de acordos relativos ao: establecemento do calendario do Mestrado e do horario; asuntos relativos ao TFM, así coma diversas cuestións asociadas coa calidade do Mestrado, etc.

Por outra parte, cabe sinalar que o curso 2019-20 foi un curso atípico, no que tivemos que afrontar retos inesperados debido ao **período de confinamento de marzo de 2020**, que determinou principalmente a posta en marcha da avaliación *online*, nas materias que tiñan algún alumnado pendente, así coma dunha alternativa para o desenvolvemento das prácticas externas e a presentación do TFM. Neste sentido desde o equipo Decanal, a Xunta de Centro e a Comisión de Calidade promovéronse diversas reunión e implantación de accións. Entre outras cuestións, cabe destacar o:

- ▶ Establecemento para a vía de contacto principal e para o desenvolvemento das reunións o Campus Remoto posta en marcha no período de confinamento pola UVigo.
- ▶ Modificación de tódolos procedementos relacionados co envío de documentación en formato papel, pasándoos a canles virtuais.

- ▶ Posta en marcha para docentes e profesorado coordinador do Mestrado espazos virtuais e procedementos para continuar exercendo a súa titorización de Prácticum e TFM na situación de confinamento.
 - ▶ Deseño e aprobación de modificacións na avaliación das materias con alumnado pendente para adaptándoas á situación sanitaria.
 - ▶ Deseño e aprobación de modificacións dun novo procedemento para a implementación das prácticas externas adaptado a situación sanitaria.
 - ▶ Deseño e implementación dun novo procedemento para a presentación dos TFM adaptado a situación sanitaria.
- Unha vez rematado o curso 2019-20 colaboración entre a coordinación de título e a responsable de calidade do Mestrado para definir as directrices a ter en conta na elaboración do informe sobre as propias accións de coordinación docente que posteriormente se cometerá a validación e a aprobación pola Comisión de Calidade do Centro e a Xunta de Centro respectivamente.

3.2.1.2. Coordinación entre docentes con responsabilidades xerais de coordinación

Esta coordinación está moi ligada coa de tipo vertical, xa que os/as responsables desta interactúa estreitamente cos responsables da coordinación horizontal e co demais profesorado do Mestrado, principalmente ao inicio de curso e a metade e final de cada cuadrimestre. Xunto coas reunións periódicas, tanto presenciais coma dixitais cabe lembrar as seguintes xuntanzas de coordinación:

Xuño-xullo de 2019 (previo ao inicio do curso 2019-20)

Foi necesario abordar diferentes accións, das que destacamos as:

- Xuntanzas de traballo do profesorado co obxecto de revisar e actualizar as Guías Docentes para o curso 2019-20. Dende o equipo Decanal facilitáronse diversas directrices para os diferentes Títulos do Centro dirixidas a resolver os problemas recorrentes coa plataforma de DocNet relativos aos aspectos de tipo técnico, que xorden ano tras ano, coma cuestións de tipo pedagóxico, asociadas principalmente ao deseño dos apartados curriculares das guías docentes.
- Desenvolvemento de diversas xuntanzas de traballo entre os docentes con responsabilidades xerais (de título, de calidade, do TFM e do Prácticum). O que permitiu a posta en marcha da docencia dentro do calendario académico previsto.

Setembro-outubro 2018 (ao comezo do curso 2019-20)

- Desenvolveuse unha acción de coordinación para preparar coa respectiva coordinación de materias a información a facilitar ao alumnado na sesión de acollida, prevista dentro do marco do Plan de Acción Titorial (PAT).
- Como ven sendo habitual coordináronse unha acción para facilitar información aos coordinadores/as de materias para organizar os asuntos relativos a posta en marcha das materias. Asimesmo, especial atención se lle deu a organización das Prácticas Externas e ao Traballo Fin de Mestrado. Participou o profesorado con responsabilidades xerais no título, coordinadora do Mestrado, coordinadoras do Prácticum e do TFM. Os asuntos abordados focalizáronse na: Organización do TFM e do Prácticum. En canto ao TFM se debateu a incorporación da plataforma dixital ubicada na Secretaria virtual para distribuír a asignación da súa titorización.

3.2.1.3. Coordinación entre coordinadores de materia e responsables xerais da coordinación

Na liña de cursos anteriores, se leva a cabo unha reunión entre a coordinación de título e

a responsable de calidade do mesmo cos/as coordinadores/as de materia para debater os aspectos máis preocupantes relativos ao:

- a) Planificación académica da materia da que deriva a oportuna secuenciación do respectivo contido.
- b) Entrega racional e equilibrada de traballo/actividades/dossier por materia para favorecer unha formación integral e de calidade no alumnado do Mestrado.

Outra cuestión das tratadas a mencionar pola súa relevancia é presentación e difusión interna dos resultados das enquisas (cuestionario aberto) que desde a coordinación de título e a responsable de calidade se organiza para poder mellorar curso tras curso a docencia nas respectivas materia. Destes análises despréndense os puntos fortes e as problemáticas detectadas en cada materia. Esta información presenta unha grande relevancia a hora de mellorar o título mediante a reflexión e actuacións pertinentes, en particular nas respectivas materias.

3.2.1.4. Coordinación entre o profesorado dunha mesma materia

A coordinación das distintas materias mantiveron unha coordinación e comunicación constante cos-as demais docentes das respectivas materias. Nesta liña, unha vez máis cabe destacar as accións levadas a cabo para a revisión e actualización das Guías Docentes, así como para a elaboración da información que se lle facilita ao alumnado na presenta da materia concretando a distribución de sesión, docentes a impartilas e contido; cronograma de entrega de actividades/ traballos, criterios de avaliación, etc.

Ao do cuadrimestre o profesorado das respectivas materias baixo a coordinación da coordinación de materia avaliou ao alumnado e revisou, nalgúns casos, as posibles melloras a incorporar sobre este aspecto de cara o curso próximo.

A coordinación de cada materia distribuíu e debateu co profesorado da mesma os resultados derivados o cuestionario aberto que o alumnado cubriu. Esta información,

unha vez máis foi considerada de grande utilidade para a reflexión e mellora da docencia das distintas materias.

3.2.1.5. Coordinación entre o profesorado das materias dun mesmo módulo

A coordinación entre os módulos mellorou a raíz de incluír na CAM un representante do mesmo. Isto supón un canle de comunicación fluído e favorece a intervención entre os/as docentes implicados no Mestrado para comunicar os problemas atendendo as diferentes problemáticas que se producen en cada módulo e nas respectivas materias.

3.2.2. Mestrado de Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos

Para conseguir unha axeitada coordinación docente realízanse xuntanzas, tanto presenciais como online, entre a coordinadora do Título, os coordinadores de módulo e materia para a planificación do ensino. As principais accións desenvoltas no curso 2019-20 foron as seguintes:

3.2.2.1. Reunións da coordinadora de Título cos coordinadores/as de módulo, materias e de TFM

Cabe destacar as seguintes accións de coordinación docente:

Xuño-xullo de 2019 (planificación do curso 2019-2020)

- Realizouse unha xuntanza cos coordinadores de materia para indicar o calendario de elaboración de guías aprobado polo centro e discutíronse as orientacións remitidas pola Área de Apoio á Docencia e Calidade. Nesta edición os cambios afectan fundamentalmente as denominacións de metodoloxías e probas e que, en boa medida, xa foron feitos automaticamente.

Deben revisarse si os cambios incorporados pola Área de Calidade son correctos ou realizar as modificacións oportunas.

- Reunión cos coordinadores/as de módulo e materia para analizar a evolución das taxas e cualificacións. Conclúese que as taxas de éxito, avaliación e rendemento son satisfactorias. Así como a media de cualificación do título. Tamén se elaborou a proposta de horarios e probas de avaliación para a súa aprobación pola Comisión Académica do Mestrado, organización do curso 2019-2020.

Setembro de 2019

Levouse a cabo unha:

- Xuntanza para a preparación da Xornada de Acollida (celebrada o 19 de setembro), revisión do calendario de actividades e oferta das liñas de investigación para o curso 2019-20.
- Reunión o día 17 de setembro, coas técnicas -Antía Salgado e Elena Marcos- da Biblioteca Rosalía de Castro. Unidade de Apoio á Docencia e a Investigación para organizar e planificar as sesións formativas da biblioteca que se celebraron os días 20 e 21 de setembro.

Novembro de 2019

Desenvolveuse unha xuntanza do coordinador e responsables do TFM para analizar as peticións das liñas de investigación dos traballos dos TFM e asignar as titoras e titores. Tamén se realizou unha proposta de tribunal de TFM e revisáronse os criterios incluídos na rúbrica dos membros do tribunal.

3.2.2.2. Reunións das coordinadoras-es de materia co profesorado

Xuño-setembro de 2019 e xaneiro-xullo de 2020

Nas materias impartidas por máis de un/unha profesor-a realizáronse reunións e distintas accións de coordinación que se desenvolveron de xeito máis focalizado nos meses de xuño (para tomar acordos sobre as guías docentes do próximo curso, planificación da docencia, distribución de contidos ao inicio de cada cuadrimestre (setembro e xaneiro) para acordar as cuestións de tipo organizativo e de distribución e secuenciación de contido, así coma ao longo dos respectivos cuadrimestres para a realización dos reaxustes necesarios co grupo aula e ao final do período da docencia para a determinación global da avaliación etc. Cabe salientar que se utiliza un espazo común de traballo habilitado para tal fin na plataforma de teleformación (FAITIC) para un intercambio fluído de información e experiencias.

3.2.2.3. Xuntanzas derivadas da aparición e evolución do coronavirus COVID-19.

Marzo -xullo de 2020

Desenvolvéronse varias xuntanzas telemáticas da Coordinadora do Título coa Equipa Decanal do centro na que se acordou o seguinte:

- Trasladar ao PDI e alumnado, mediante correo electrónico ou xuntanzas, a información sobre as orientacións, medidas adoptadas e protocolos de actuación nas instalacións da Universidade.
- Solicitalle ao profesorado, no peche do mes de marzo, a reorganización da actividade docente, a utilización da plataforma de teledocencia FAITIC, o deseño de tarefas ou actividades que substitúan, na medida do posible as actividades presenciais previstas para esas semanas e a titorización a distancia e feedback ao estudiantado sobre os traballos realizados.
- Presentación da ferramenta virtual “campus remoto” desenvolta pola universidade, en coordinación coas equipas decanais, para a docencia virtual e establecemento dun procedemento para a utilización das salas virtuais coa

finalidade de impartir clases síncronas. Apoio para o seu uso, a todas/os as/os docentes que o desexen e precisen.

Levou a cabo unha sesión de traballo coas coordinadoras/es de materia para definir as liñas de actuación na situación de estado de alarma co fin de garantir a continuidade da actividade académica e o cumprimento os obxectivos docentes no presente curso académico. Desenvolvéronse as seguintes accións: adaptación das guías docentes á situación de non presencialidade, adaptación da programación docente prevista ás metodoloxías non presenciais, así coma as actividades e probas de avaliación; titorización por medios telemáticos (solución de dúbidas, corrección de tarefas, etc.).

Tiveron lugar reunións telemáticas co profesorado para coordinar a actividade docente e estimular o uso das aulas/despachos virtuais. Adaptar a modalidade dos TFM e flexibilizar os requisitos para a súa defensa.

Xuntanzas presenciais/telemáticas coas coordinadoras e coordinadores de materia para tratar a organización docente do curso 2020/2021 (guías docentes, proposta para o desenvolvemento contextualizado da docencia, recursos necesarios).

3.2.2.4. Reunións da coordinadora de Título coa Comisión Académica e co profesorado

Abril -xuño de 2020

Desenvolvéronse varias xuntanzas telemáticas para analizar o descenso de matrícula nos dous últimos cursos e deseñar unha proposta de captación de estudantes para o curso 2020-21.

3.2.2.5. Outras accións de coordinación desenvolvidas

A coordinadora do título mantivo reunións periódicas coas docentes do Mestrado e do centro que apoian este título nos procesos de calidade para discutir e propoñer estratexias de mellora da comunicación e coordinación do profesorado das diferentes materias.

Ademais enviouse, a todos os docentes, durante todo o curso un correo electrónico unha semana antes das datas da sesión de cada docente no que se axuntaban dúas listaxes de asistencia para cada unha das sesións do Mestrado e un impreso para a realización das titorías. Tamén se indicaba o número de estudantes, o título de acceso e algunhas liñas básicas de organización académica.

3.2.3. Mestrado do Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas

Como se deixou de manifesto, o Mestrado de prof. de Secundaria abrangue os tres campus da Universidade de Vigo (Campus de Ourense, Pontevedra e Vigo), ao tratarse dun título intercampus. Sendo o centro de adscrición central a Facultade de Bioloxía, que se sitúa no campus de Vigo. Pola ubicación da secretaria técnica, de apoio ao Mestrado, no campus de Vigo, coa evidente distancia física entre os respectivos campus o desenvolvemento da coordinación docente axudase de múltiples ferramentas informáticas e vías de comunicación dixital principalmente. En particular, isto favorece a abordaxe dos aspectos que son extensibles de xeito uniforme aos distintos campus. Polo tanto, faise esencial o emprego de diversidade de recursos dixitais (teléfono, *email*, *skype*, plataformas da “nube”, plataforma de teleformación da universidade, etc.).

Loxicamente, dadas as características desde Mestrado a coordinación académica, require un desenvolvemento a nivel vertical co apoio da Coordinadora Xeral e da coordinación de campus do Título, co da súa Comisión Académica; sen esquecer a Comisión de Calidade e a Xunta de Centro na que está enmarcado o Mestrado no campus de Ourense. A Comisión Académica está composta polos/as seguintes membros:

Presidenta, que é a Coordinadora xeneral do Mestrado é nomeada polo Consello de Goberno, pertencente a Facultade de Bioloxía do campus de Vigo.

Secretario académico (nomeado/proposto pola Presidenta do Mestrado), pertencente a Facultade de Bioloxía do campus de Vigo.

Vogais:

- Unha Profesora, da Facultade de Educación e Traballo Social de Ourense que exerce de Coordinador nese Campus.
- Un profesor, da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte de Pontevedra que exerce de Coordinador nese Campus.
- Unha profesora, en representación da Comisión de Calidade da Facultade de Educación e Traballo Social de Ourense.
- Unha profesora, en representación da Comisión de Calidade da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte do Campus de Pontevedra.
- Un profesor, en representación da Comisión de Calidade da Facultade de Bioloxía do Campus de Vigo.

A groso modo, a coordinación vertical exercida pola Coordinación xeral xunto coa Secretaría Técnica e a Comisión Académica do Mestrado asumiu ao logo do curso 2019-20 a organización e sistematización oportuna, a partir de directrices o máis uniformes posibles, para asegurar nas mellores condicións o deseño e implementación da docencia teórico-práctica do Título.

Por outra parte, cabe sinalar a relevancia da coordinación horizontal, que se supedita principalmente aos docentes que están implicados nas respectivas materias, exercéndose en colaboración directa coa coordinación do campus de Ourense.

3.2.3.1. Accións de coordinación vertical

As actividades evadas a cabo no curso 2019-20 desde a coordinación xeral son abundantes e diversas. Entre elas, cabe sinalar que desde a coordinadora xeral liderouse con carácter xeral as liñas de coordinacións esenciais para conseguir a sintonía necesaria entre os tres campus nos que se desenvolve o Mestrado.

A modo de exemplo, seguidamente indícanse algunhas das accións de coordinación académica levadas a cabo desde o plano vertical, no curso 2019-20:

- Convidouse a reunión de acollida co alumnado ao profesorado dos respectivos campus, favorecendo un primeiro contacto entre docentes e discentes (setembro 2019).
- Determináronse diversos acordos entre a secretaria técnica do Mestrado e a coordinadora deste Título no campus de Ourense para a elaboración do Informe de seguimento do título do curso 2019-20, ao ter que analizar aqueles aspectos e datos comúns, ademais de abordar os que teñen un carácter máis específico. ao longo do curso 2019-20, da comisión académica do Mestrado para compartir e debater os problemas e accións que se tiveron que por en marcha: Calendario académico, horarios do profesorado, xestión de prácticas externas, xestión de TFM, xestión do SGIC, selección de novo profesorado e outros temas asociados á docencia.
- Reunións periódicas da comisión académica do Mestrado para compartir e debater os problemas e accións que se tiveron que por en marcha: Calendario académico, horarios do profesorado, xestión de prácticas externas, xestión de TFM, xestión do SGIC, selección de novo profesorado e outros temas asociados á docencia.
- A coordinadora xeral co apoio da secretaria de técnica, das coordinacións de campus e coa coordinación de itinerario levaron a cabo diversas accións de intercambio para artellar fundamentalmente a asignación de titores/as de PAT, TFM e prácticas externas ao alumnado, así coma no relativo a actualización das guías docentes.
- Xuntanzas regulares, principalmente entre os meses de marzo-xullo de 2020, entre a coordinadora xeral, a secretaria técnica, as coordinacións dos respectivos campus para afrontar os problemas derivados do período de confinamento.
- Diversas reunións da comisión académica para reaxustar e consensuar diferentes axustes, en particular derivados do **período de confinamento de marzo de 2020**, que desencadearon a posta en marcha da docencia online, así coma a avaliación, modificación nas prácticas externas, na presentación do

TFM, etc. Neste sentido a Comisión de Calidade, a Xunta de Centro (principalmente dando o visto bo) e especialmente a Comisión Académica do Mestrado levou a cabo diversas reunión e nelas acordou, entre outras cuestións, a modificación ou incorporación de varios procedementos relacionados coa dinámica de desenvolvemento da docencia e titorización na titulación. Entre as que cabe destacar, alomenos, o:

- ◆ Establecemento como vía de contacto principal as reunións virtuais.
- ◆ Modificación de tódolos procedementos relacionados co envío de documentación en formato papel.
- ◆ Modificación do calendario académico adaptando a situación sanitaria.
- ◆ Posta en marcha para docentes e profesorado coordinador do Mestrado espazos virtuais e procedementos para continuar exercendo a súa labor na situación de confinamento.
- ◆ Deseño e aprobación de modificacións na avaliación das materias para adaptalas á situación sanitaria.
- ◆ Deseño e aprobación de modificacións dun novo procedemento para a implementación das prácticas externas adaptado a situación sanitaria.
- ◆ Deseño e implementación dun novo procedemento de TFM adaptado a situación sanitaria.

- Unha vez rematado o curso 2019-20 (xullo-outubro de 2020) en colaboración coa secretaria técnica a coordinadora do campus de Ourense, se definiron as directrices principais para a elaboración do informe sobre as propias accións de coordinación docente que posteriormente se discuten, tanto nas comisión académica do Mestrado, coma na comisión de calidade do centro.

3.2.3.2. Coordinación horizontal

Segundo a folla de ruta que xa forma parte da rutina establecida nos cursos pasados, a coordinación vertical interactúa cos responsables da coordinación horizontal e co

demais profesorado do Mestrado, principalmente ao inicio de curso, así coma a metade e final de cada cuatrimestre.

En particular cabe sinalar que a:

- Coordinadora do Campus de Ourense, de xeito regular ao longo de todo o curso académico 2019-20 empregou diversas vías de comunicación para informar, discutir, chegar a acordos e distribuír responsabilidades, tanto coa coordinación de itinerario, coma cos/as docentes das respectivas materias. Para elo, en xeral, tívose en conta a orientación ofrecida ou acordada previamente coa coordinación xeral do Mestrado, coa secretaria técnica e as directrices ou acordos da Comisión Académica do Título.
- En relación ao **período de confinamento decretado en marzo de 2020** é de indicar que, tanto a coordinadora do Mestrado do campus de Ourense, coma o profesorado coordinador dos respectivos itinerarios exerceron de enlace para comunicar aos/as docentes das materias do Título as novas directrices establecidas pola comisión académica, así como para aclarar as dúbidas que foron xurdindo.
- As liñas de actuación entre a Coordinadora do campus de Ourense e os catro Coordinadores/a de itinerario desenvolvéronse de xeito sistemático e serven para sentar as bases de carácter xeral no campus atendendo aos distintos itinerarios, coa finalidade de dar resposta as incidencias recibidas, etc. O profesorado responsable da coordinador nos respectivos itinerarios do campus de Ourense pode observarse na seguinte táboa.

ITINERARIO	COORDINADOR/A DE ITINERARIO
Ciencias Experimentais: Matemáticas, Tecnoloxía	Prof. Pedro Membiela
Orientación Educativa	Prof. M ^a Carmen Ricoy
Ciencias Sociais: Xeografía e Historia	Prof. Julio Prada
Ciencias Sociais: Humanidades	Prof. Alberto Vaquero

• Coordinación de Materias estivo liderada por un profesor/a da Universidade de Vigo (normalmente con dedicación a tempo completo e no seu defecto a tempo parcial). Principalmente, esta coordinación afecta a aquelas materias que están compartidas entre o profesorado, que son a maioría. Para levar a cabo o seu cometido utilizáronse múltiples vías dixitais e, segundo os casos, tamén algunha reunión físicas co obxecto de determinar as pautas básicas para a implementación da docencia. Como, por exemplo, para actualizar as fontes de información/bibliografía empregada, a secuenciación de contidos, tipoloxía, recursos e calendario para a realización das actividades e a entrega de traballos, así coma a determinación de metodoloxías ou dinámicas de aula, criterios e datas de avaliación, etc. Asimesmo, tamén se desenvolveron distintos mecanismos de coordinación entre os/as docentes das materias para a revisión e actualización das guías docentes do seguinte curso académico 2020-21.

3.2.3.3. Outras accións de coordinación no TFM e Prácticas Externas

As materias de Prácticas Externas e do TFM, teñen un carácter singular en calquera título e polo tanto tamén neste. Nelas está implicado un bo número de profesorado do Mestrado e tanto do módulo común coma do módulo específico. Por elo, foi preciso, entre outros aspectos, coordinar a súa distribución na asignación para garantir un certo equilibrio no reparto destas tarefas.

Entre outras accións levadas a cabo, a coordinación do campus de Ourense dinamizou, solicitou e recolle as preferencias/expectativas de titorización dos/as docentes do Mestrado, tanto do módulo común coma do específico, nos catro itinerarios. Está actividade é esencial para garantir a todo alumnado a titorización no Plan de Acción Tutorial (PAT), así como para na dirección dos Traballos Fin de Mestrado e prácticas externas.

Apoiando a secretaria xeral, a coordinación do campus de Ourense co-liderou ,xunto coa dos catro itinerarios, a organización das sesións de presentación dos TFM e as directrices sobre o procedemento, así coma a distribución da documentación para que os

tribunais unipersoais levasen a cabo o proceso de avaliación, fundamentalmente, do TFM.

IV. CONCLUSIÓN

As acción de coordinación no Centro vanse consolidando cada vez en maior medida curso tras curso, tanto a nivel vertical, coma horizontal. Polo tanto, pódese dicir que este centro ten instaurada a práctica da calidade. Isto se materializa na interiorización que realizaron os docentes sobre as dinámicas asociadas ás accións de coordinación.

Para o profesorado, as accións de coordinación constitúen unha ferramenta útil e vantaxosa que redunda positivamente no desenvolvemento profesional e na formación do alumnado. De esta forma, levase avanzado na mellora da calidade da docencia nos respectivos títulos da facultade.

Séguese a botar en falta que o aparato universitario poña a disposición dos/as docentes recursos ou plataformas dixitais para posibilitar, en maior medida, a coordinación e colaboración docente, así como para o almacenamento de información ou materiais para o proceso de ensino-aprendizaxe.